

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DOS POSTOS DE XEFE/A DE SECCIÓN DE ATENCIÓN CIDADÁ E XEFE/A DE SECCIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E MERCADOS LOCAIS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Visto o informe da xefa do Servizo de Participación e Atención cidadá solicitando a cobertura en comisión de servizos dos postos de xefe/a de Sección de Atención Cidadá e xefe/a de Sección de Participación Cidadá e Mercados Locais actualmente vacantes, mediante este anuncio se pon en xeral coñecemento dos/as interesados/as que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, para que presenten instancia por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, coa solicitude do posto, acompañándose do currículo vitae e informe positivo do servizo de procedencia ata o **3 de agosto de 2026**, inclusive.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
1	XEFE/A SECCIÓN ATENCIÓN CIDADÁ	7201/18	A.X	XEST.	A2
1	XEFE/A SECCIÓN PARTICIPACIÓN CIDADÁ E MERCADOS LOCAIS	7203/18	A.X.	XEST.	A2

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos desempeñados así como a formación e/ou méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto a desempeñar.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da sede electrónica e remitirase o anuncio aos correos corporativos.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe, María Elena Candia López Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.